

AS POLÍTICAS LINGÜÍSTICAS NO REINO DE LEÓN-CASTELA

Elena Rivas

Universidade de Santiago de Compostela

A temática desta exposición encóntrase necesariamente vinculada a unha serie de preguntas que atinxen ao momento da fragmentación dos dialectos das áreas central e occidental da Península¹; ao posible nivel de unidade, ou de diversidade, lingüística na franxa temporal que precedeu á etapa de eclosión das literaturas iberorromances, ou ás actitudes e propostas oficiais respecto á escritura máis alá da evidencia do emprego do latín como lingua de cultura. Cara á investigación histórica e historiográfica, as solucións a estas interrogantes terían desigual transcendencia, e a resposta máis relevante en relación con este traballo sería aquela que informase da *percepción*, por parte dos falantes en xeral e dos usuarios letrados en particular, das relacións chamadas *verticais* (conectadas co nivel de estratificación entre o latín e o romance) e *horizontais* (relacionadas coa natureza diatópica ou diastrática das variedades romances)², pois permitiría inferir as motivacións desencadeantes da solución de oficialidade do castelán nos albores da que Lodares denomina «fase preestatal» (1999: 132-33). Aínda que ten a vantaxe de marcar prioridades canto á elaboración de hipóteses, a escolma de interrogantes a partir da súa maior ou menor pertinencia non altera, porén, a realidade de que todas esas preguntas (e outras similares que se poderían presentar) teñan como características comúns o ser recorrentes nos estudos lingüísticos e o ficar sen resposta. Unha lóxica consecuencia desta situación é a escaseza de estudos monográficos arredor da filosofía lingüística medieval³.

1. É un feito sinalado polos romanistas que a fisura máis notable da Iberorromania é a que separa o catalán do castelán (cf. Entwistle 1969: 109 ss.). De aí que as meirandes dificultades do estudo da fragmentación das linguas iberorromances correspondan á zona centrooccidental da Península.
2. Seguindo a Banniard (1992), López García afirma que máis importante que saber cómo se falaba é saber cómo se entendía (López García 2000 : 46-47).
3. «El estudio de la filosofía lingüística medieval es difícil, ya que faltan en gran parte monografías e investigaciónes sobre la interdependencia de los problemas filosófico-lingüísticos. Las tradiciones no están claras, sobre todo en lo que se refiere a las diferentes doctrinas que se llaman medievales» (Coseriu 1968-69: 13.1. Apud Niederehe 1975: 24).

Sendo este o estado da cuestión, a nosa aproximación ás políticas lingüísticas no reino de León e Castela deberase asentar no marco posibilista dunha delimitación nocional entre as consideracións circunscritas ao terreo da hipótese e as empiricamente demostrables e demostradas. Con este punto de partida, as próximas páxinas recollerán unha visión teórico-descritiva que, tras unhas consideracións xerais (§ 1), atenderá á fase inmediatamente anterior á etapa de separación plena do latín e o romance (§ 2), ao período de emerxencia da escritura romance peninsular (§ 3) e á etapa de Afonso X (§ 4).

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Malia a imposibilidade de acceder ao *cando* cronolóxico das transformacións cruciais no paso do latín ao romance e na fragmentación dialectal, o estudo destes acontecementos á luz de novos paradigmas científicos permite perfilar o *como* da súa consumación. Nos últimos anos, esta materia está sendo analizada no marco das *teorías de catástrofes* ou *teorías do caos* dedicadas, en xeral, ao estudo da ruptura de procesos graduais; no eido específico das escisións e fragmentacións lingüísticas na Iberorromania, son de interese decisivo os traballos de López García (1992, 1996, 2000). Aínda que a descrición, mesmo sumaria, desta aplicación teórica excedería os límites e o propósito deste traballo, deterémonos brevemente a examinar o concepto capital de *ruptura de gradación* na súa aplicación ao punto final dos procesos de cambio lingüístico⁴.

Obviamente, os cambios fonolóxicos, morfolóxicos e sintácticos que desembocan na conformación dun sistema lingüístico non chegaron ao seu final ao mesmo tempo, nin polo mesmo camiño, nin do mesmo modo, pois estamos a falar de distintos fenómenos e, por conseguinte, de distintos obxectos de transformación; pero si existe un factor común á consumación de todos eles, que consistiu na *ruptura definitiva dunha gradación* mantida durante séculos. As formulacións de Alarcos (1950: 114) respecto dos cambios fonéticos e fonolóxicos non estaba lonxe destes presupostos (aínda que ese non fose o propósito do autor); de aí que esas consideracións poidan ser aplicadas aos cambios lingüísticos en xeral e á historia da formación e fragmentación das linguas en particular. Seguindo a este autor, os cambios foné-

4. Partindo da chamada teoría do *pregamento*, ou sucesión de catástrofes ata chegar ao final do proceso, López García (2000: 44-48) estuda os distintos ritmos e tempos no paso da fonoloxía, a morfoloxía e a sintaxe latinas ás romances.

ticos son lentos e graduais, comezan nun círculo restrinxido de individuos, pouco e pouco se van estendendo durante séculos e rematan por impoñerse como norma; os cambios fonolóxicos, en cambio, son verdadeiras *revolucións momentáneas* que se producen cando un sistema particular se impón como xeral:

El sistema, pues, no evoluciona lentamente; se ve sustituido por otro de repente, cesa su vigencia. Entre dos sistemas fonológicos sucesivos en el tiempo no caben grados intermedios o de transición [...] . Lo que ocurre frecuentemente es que los dos sistemas, el viejo y el nuevo, pueden convivir largo tiempo: el antiguo, perdiendo adeptos, el que se impone ganándolos hasta que alcanza validez y extensión general. Pero uno y otro son distintos: no ha pasado el uno a ser el otro. Lo lento no es la creación de un sistema, sino su generalización (1950: 114).

Parece evidente que esta maxistral explicación está feita en termos de *ruptura de gradación*, punto final dos cambios operados nos sistemas fonolóxicos, o cal, como xa indicamos, é aplicable a calquera outro ámbito (morfolóxico, sintáctico, etc.) e, *mutatis mutandis*, ás escisións e fragmentacións lingüísticas: tras separarse do latín as últimas falas romances, o *vello diasistema* constituído pola lingua nai queda restrinxido a ámbitos culturais moi específicos e acaba por desaparecer⁵, mentres que as variedades xa escindidas continúan vixentes no interior dun *novo diasistema* (neste caso o iberorromance) a partir do cal se produciron, con distintos tempos e ritmos, as escisións que deron lugar aos distintos diasistemas peninsulares⁶. A distinta natureza das repercusións de cada un destes dous grandes acontecementos correspóndese co distinto tipo de relación filoxenética mantida entre o latín e o romance, por unha parte, e entre os distintos romances, por outra. Pero o que aquí cómpre salientare e que tanto o punto final da separación latín-romance como o punto final de cada unha das escisións que desembocaron na fragmentación peninsular se poden cualificar de *revolucións momentáneas*.

5. Tal e como afirma Díaz y Díaz, o latín do século X «se comporta como una lengua viva, susceptible de crecimiento y cambio; pero no vive más que de una manera parcial, en el ámbito personal de algunos individuos en los que funciona de modo estrictamente singular» (Díaz y Díaz 1981: 71).

6. Tendo en conta que o termo *diasistema* non ten unha aplicación única, cómpre sinalar que aquí se emprega en relación co concepto de *lingua histórica*, que Coseriu (1973) define en dúas direccións: dende a perspectiva da súa diversidade, a lingua histórica presenta diferenzas diatópicas, diastráticas e diafásicas e, dende a óptica da súa homoxeneidade, comprende tres tipos de unidades: sintópicas, sinstráticas e sinfásicas: «En este sentido se puede decir que una lengua histórica no es nunca un solo sistema lingüístico, sino un diasistema» (cf. Coseriu 1973: 302-307. A cita atópase na páx. 306).

2. A ETAPA PRELIMINAR

A liña de investigación tradicional verbo do estado lingüístico peninsular anterior ao século xi está trazada pola obra magna de Menéndez Pidal (1926), inescusable lugar de referencia para toda aproximación ás orixes do iberorromance⁷. De interese fundamental en relación co tema deste traballo son as páxinas que o libro dedica á rexión de León e ao estudo dos documentos primitivos desta área xeográfica (1926: §§ 94-95)⁸, nos que o autor distingue tres tipos de lingua: o *baixo latín ou latín escolástico*, escrito polos cronistas, os lexisladores e a xente erudita en xeral; o *romance de uso común e cotián*; e un *latín vulgar, popular ou arromanzado*⁹, que empregaba unha parte dos notarios do reino e que xa non se acostumaba a escribir noutras partes. Os dous primeiros tipos de lingua son, polo tanto, comúns a todas as zonas lingüísticas peninsulares; pero o terceiro constitúe unha particularidade leonesa: «Lo especial del reino de León es continuar escribiendo este latín bajo o popular en los siglos X y XI, y con más abundancia de formas que en ninguna parte se habían usado» (1926: § 95.2). Será cara a finais do século xi, e como froito da chegada da reforma gregoriana á Península, cando os documentos deixen de se escribir no latín arromanzado e se escriban xa soamente en romance ou en latín escolástico.

O principal valor que Menéndez Pidal parece conceder ás documentacións de latín arromanzado é a proxección retrospectiva destas. Polo menos iso é o que se desprende dos termos empregados por este autor:

Este latín leonés es, por lo tanto, una preciosa supervivencia del latín hablado en la más alta Edad Media, allá en los siglos v o vi, cuando empezaban a formarse los romances [...] propio de la época antiquísima cuando el habla popular aún no había olvidado del todo las formas y los giros latinos clásicos (pasiva, declinación, etc.), para limitarse a los usos lingüísticos que después se perpetuaron en los romances (1926: § 95.2).

7. A acoutación cronolóxica que o autor presenta no título do libro (*Estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo xi*) é tan restrinxida como modesta porque, en realidade, a obra proporciona abondosa documentación e puntuais descriucións da lingua dos séculos posteriores á que o autor denomina «época de orígenes».

8. *Vid.* tamén Menéndez Pidal 1962 e 2005: 319-23.

9. Wright (1983) refírese a este latín nos seguintes termos: «"latín vulgar leonés" de Menéndez Pidal, recién bautizado por Lapesa [*Historia de la lengua española*: § 40] como "latín popular arromanzado"» (1983: 111). En realidade, Menéndez Pidal xa se referira a este latín como «latín vulgar» «latín popular» e «latín arromanzado» (cf. Menéndez Pidal 1926: § 95.1 e 95.3).

O latín arromanzado escribíase tamén na zona máis occidental do reino de León, como mostra a abondosa documentación pertencente a área xeográfica de Galicia e analizada por Ramón Lorenzo (2003). Son de grande interese, por outra parte, as palabras do Padre Sarmiento que este autor recolle ao final do seu traballo, porque constitúen un claro antecedente das formulacións de Menéndez Pidal:

Los literatos usaban, ó afectaban un Latin figurado, y muy distante del idioma vulgar. Los Notarios, algunos Eclesiásticos, y los semidoctos, no sabian mas Latin, que un Latin Romanceado, ó un Romance Latinizado; y además de esto todos hablaban naturalmente el vulgar Romance (Sarmiento 1775: 105. Apud Lorenzo 2003: 188-89).

Nos últimos anos, a teoría tradicional foi fortemente cuestionada a partir das teses de Wright (1983, 1989, 1991, 2000 e 2004 entre outros), autor que defende a existencia, nos escritos de Castela e León anteriores á segunda metade do século XII dunha única lingua: o romance de uso común que se representaba na escrita por medio dunha ortografía logográfica:

Los escribas (...) habían aprendido la forma escrita integral de cada palabra como una entidad en sí, sin preocuparse de la relación entre cada letra y su pronunciación. Así ocurre hoy en día en los países de habla inglesa y francesa, en los que los alumnos aprenden la forma escrita de cada palabra (Wright 2000: 10-11).

Afirma este autor que a corrección na representación desta escritura dependería do nivel de instrución do escriba, o cal non discorda co xa afirmado por Menéndez Pidal sobre o latín usado pola xente erudita en xeral e o empregado por unha parte dos notarios do reino (cf. supra), aínda que Wright si presente os seus argumentos como unha discordancia cos de Menéndez Pidal¹⁰:

10. Non son inusuais nos traballos de Wright as discrepancias respecto de afirmacións que non están no texto obxecto do seu comentario (neste caso, §§ 95 e 109 de *Orígenes* (cf. Wright 1983: 7). Na cita reproducida arriba, este autor rebate que os documentos en ortografía semilatina fosen «representación exacta do uso fonético del escritor» cando, en realidade, Menéndez Pidal fala de «dos clases de gentes latinadas» e indica que o emprego do latín arromanzado se produce «no por inconsciente ignorancia del latín escolástico, sino por voluntario abandono a un lenguaje llano y corriente» (1926 § 95.2), o cal non se parece ao que Wright rebate. Tampouco as afirmacións recollidas na cita de abaixo teñen relación ningunha coas formulacións de Menéndez Pidal, quen fala de «tres tipos de lengua» e en absoluto de «sistemas lingüísticos» nin de situación de «casi trilingüismo». Por último, nin afirma nin suxire Menéndez Pidal que o latín arromanzado fose «propiedad de individuos sumamente expertos en escritura fonética»: «Menéndez Pidal construyó todo un sistema lingüístico, distinto tanto del romance como del latín, propiedad de una serie de individuos sumamente expertos en la escritura fonética; pero

Para Menéndez Pidal la ortografía correcta indicaba un escritor latinohablante, y la ortografía semilatina, un escritor semiculto; pero más vale sugerir que la ortografía correcta delata a escritor (sic) bien instruido y la semilatina a escritor (sic) de poca habilidad, sin que ésta ni aquella se pueda interpretar como representación exacta del uso fonético del escritor. De modo que intentaban escribir como se les había enseñado, y algunos lo lograban mejor que otros (1983, 2).

Sempre segundo Wright, esta «ortografía romance no fragmentada» compartiría todas as variantes ou dialectos iberorromances agás a zona máis oriental: o catalán xa iniciara o proceso de reforma ortográfica, pois a distinción entre o latín e o romance foi moi temperá en relación co resto da Iberorromania (2000: 119-120)¹¹; en cambio, en Galicia a técnica de lectura e de escritura era a mesma que nas áreas de Castela e León (Wright 1983).

No interior da teoría que resumimos, nin sequera os morfemas flexivos constitúen atranco algún; e aínda admitindo que quizais algúns nominativos presentaban dificultades de lectura, Wright defende que unha forma como VOLUNTAS (lido *voluntade*) «es más cercana a la escrita de lo que son muchas palabras del francés moderno, por ejemplo» (1983: 5). Manexando só exemplos do autor, as correspondencias escritura (aquí en versal) – lectura (aquí en cursiva¹²) serían as seguintes: LOCO – *luego*, PLACUIT – *plogo*, IUDICARE – [zulgare], TOTIS – *todos*; SUIS – *sus*, MEDIETATEM – *mitad*, MOBILE – *mueble*, HABEO – *be*, etc. (cf. Wright 1983: 4 e 2004: 277-80). Dende esta perspectiva, o latín arromanzado de Menéndez Pidal non é unha mestura de latín e romance, e acerca da presenza de formas como ALIQUID e *sobrar* nun documento datado en 1150 Wright conclúe que ese contraste

es más bien la representación del vocabulario y de la morfosintaxis del iberorromance de dos maneras gráficas distintas, una tradicional y la otra conjeturada; lo que pasa es sencillamente esto, que al escribirlo Dominguez se acuerda de la for-

basta con verlos simplemente como escritores de mediana habilidad, que hablaban el romance de su época. En el León del siglo IX se hablaba el leonés del siglo IX; éste no era homogéneo, y desde luego abarcaba variaciones estilísticas y sociolingüísticas, pero era un solo idioma. Esta idea no es en sí revolucionaria. En cualquier manual preliminar de sociolingüística se verá que esta situación es la normal, y que el casi trilingüismo de Menéndez Pidal de haber existido— sería poco menos que milagroso” (Wright 1983: 6).

11. Bustos Tovar indica (moi atinadamente, na miña opinión) que sorprende que esta pronta reforma non tivese como resultado unha maior antigüidade dos textos escritos en catalán, e unha evolución deste, como lingua de cultura, significativamente distinta da do castelán (Bustos Tovar 2004a: 274).
12. Agás o caso de IUDICARE, cuxa lectura transcribimos foneticamente para mellor comprensión da pronuncia proposta.

ma normativa escrita (ALIQUID) de una de las palabras ([ál-gol] [escrita *aliquid*] y se olvida de la forma normativa escrita de la otra ([so-brá-re]) [escrita *sobrar*] (2004: 279-80).

Este sistema de representación ortográfica remata, segundo Wright, pouco despois de que chegase á Península a reforma gregoriana e con ela un latín próximo á antiga normativa, o cal motivou a adopción dunha ortografía «nueva y más bien fonográfica» na que cada palabra non se identificaría xa no seu conxunto (Wright 2004: 274 e 283). Esta nova modalidade ortográfica servirá como modelo para a formación das ortografías das linguas romances: «La fragmentación fue una consecuencia directa de la naturaleza del latín medieval reformado» (Wright 2000: 120).

A principal conclusión que extraemos da teoría exposta e do seu cotexo coa de Menéndez Pidal é que non nos achamos ante unha discrepancia baseada nunha reinterpretación dos datos empíricos, senón que nos atopamos ante unha redefinición do obxecto de estudo. De feito, os documentos do reino de León son o *punto de partida* da análise de Menéndez Pidal; pero na teoría de Wright son o *punto de chegada* da súa tese ortográfica, defendida con formulacións sen valor demostrativo, cando non confusas ou contraditorias. Sen valor demostrativo, porque os argumentos esgrimidos polo autor acerca da relación escrita – pronuncia do francés ou do inglés actuais non proban que esa relación fose a que existía no iberorromance dos séculos x-xii¹³, e porque os razoamentos sobre os distintos niveis de aprendizaxe dos escribas non demostran que a instrución consistise en aprender «la forma escrita integral de cada palabra como una entidad en sí, sin preocuparse de la relación entre cada letra y su pronunciación» (cit. supra). Confusas, porque a análise mestura constatacións de feitos morfosintácticos e conxecturas sobre cuestións ortográficas situando unhas e outras no mesmo chanzo de valoración¹⁴, cando é evidente que a estrutura dunha construción non presupón nada respecto da súa ortografía; en concreto, o feito de que a sintaxe da frase *de ista medietate* sexa romance non significa que a súa lectura sexa *desta*

13. Nesta mesma liña se manifesta Ramón Lorenzo (2003: 162), quen cualifica de «peregrina» e de «supino disparate» a teoría de Wright (*Ibid.*).

14. Sobre a construción *et si morir ego et illo episcopo*, Wright afirma o seguinte: «una frase que se habría podido escribir *et si mortui erimus ego et episcopus* en latín reformado, o *e si murieremos yo e el obispo* si las reformas ortográficas hubieran sucedido ya en León, pero que aquí presenta la morfosintaxis romance con disfraz gráfico tradicional» (2004: 279); e respecto da frase *si de ista medietate quam mando pro anima mea sobrar aliquid*, o autor fala de «morfosintaxis del iberorromance de dos maneras gráficas distintas, una tradicional y la otra conjeturada» (*Ibid.* 279-280. Cit supra).

mitad (cf. infra). E contraditorias, porque, aínda asumindo sen discusión que o sistema de lectura oral dos textos arromanzados sexa o que propón o autor, isto é:

Et si morir ego et illo episcopo

(leído como : *e si morir yo e el obispo*)

si de ista medietate quam mando pro anima mea sobrar aliquid,

(leído: *si desta metade que mando por alma mia sobrare algo*), Wright 2004: 279¹⁵

concluiríase que a proposta entraña unha forte contradición interna. En efecto, aínda admitindo que a relación escrita-pronuncia das formas «tradicionais» (EGO, ALIQUID lidas [jío], [ál-go]) e das formas arromanzadas (*episcopo* lida [o-bís-po]) se correspondese cunha ortografía logográfica, non se podería manter o mesmo para aquelas formas coa mesma escrita en latín e romance (*mando, quando* lidas [mán-do], [kwán-do]) e para as formas romances (*donadas, manto* lidas [do-ná-das], [mán-to])¹⁶ porque a relación escrita-pronuncia proposta para elas é tan fonográfica como a actual. Estaríamos, polo tanto, ante unha ortografía híbrida: logográfica para as formas tradicionais e arromanzadas, fonográfica para as formas romances e empregada nunha fase cronolóxica na que, segundo Wright indica (2004: 279), a nova ortografía romance (isto é, a ortografía logográfica) aínda non chegara ao reino de León. Parece evidente que as teses aquí comentadas non cumpren o requisito inescusable de toda teoría, isto é, estar libres de contradición (cf. Hjelmslev 1943: 23).

3. EMERXENCIA ESCRITA DAS LINGUAS PENINSULARES E POLÍTICAS LINGÜÍSTICAS

3.0. A etapa comprendida entre a segunda metade do século XII e o primeiro terzo do XIII é crucial no desencadeamento dos acontecementos políticos e normativos que determinarían a sorte dos romances centromeridionais. A situación do latín cambia en relación coa fase cronolóxica anterior, pois pouco e pouco desaparece na escrita a modalidade de latín vulgarizado como consecuencia da chegada á Península da reforma gregoriana, e só permanece a modalidade latina máis apegada á norma (cf. supra § 2). En relación coa situación dos romances nesta fase cronolóxica, pódese manexar a

15. O texto ao que pertencen estas dúas secuencias está datado en 1150.

16. Todas as palabras están tomadas do texto ao que pertencen os exemplos enriba reproducidos, que está recollido ao final do traballo que comentamos (Wright 2004: 292-293).

hipótese máis verosímil, por ser a máis acorde coa comunmente recoñecida lentitude dos cambios lingüísticos (cf. supra § 1), e admitir en consecuencia que os dialectos peninsulares estarían xa conformados e individualizados. En palabras de Bustos Tovar:

La eclosión de los diferentes dialectos en la escritura, documentada por escrito desde finales del siglo xi, la existencia de una literatura oral perdida muy anterior al *Cantar de Mio Cid* y el desarrollo de las literaturas dialectales, como se ha dicho antes, exigen la lenta formación de dominios lingüísticos diferenciados desde una época muy primitiva (Bustos Tovar 2004: 276).

Ao comezo da etapa que agora consideramos, xa se producira a ruptura política con Portugal e a conseguinte desaparición das expectativas dunha norma lingüística conxunta para os territorios do norte e do sur do Doiro. Mais na fase cronolóxica que abrangue de 1157 a 1230, existían, segundo Mariño Paz, as circunstancias lingüísticas propicias para que as falas galegas e leonesas conformasen e propagasen unha norma lingüística común. Estas condicións favorables déronse nos reinados de Fernando II e Afonso IX, dous monarcas estreitamente vinculados a Galicia e que outorgaron abundantes foros neste territorio (Mariño Paz 1998: 160-61); pero esta situación non se prolongou máis alá de 1230 (ano da morte de Afonso IX e da unión das coroas de León e Castela por Fernando III o Santo), e mesmo nesa data xa se decantaran en prol do castelán as políticas lingüísticas que, en realidade, arrincan dos primeiros anos do século XIII, nos que se inaugura un novo estado de cousas.

Desta nova etapa importa considerar a situación da escrita oficial castelá e leonesa dende as perspectivas interna e externa. A tal obxecto, tomaremos como punto de referencia un traballo monográfico de Wright (2000) sobre as versións leonesa e castelá do *Tratado de Cabrerros* (tamén chamado *Paces de Cabrerros*). É este o primeiro documento saído da oficina real que está escrito en romance hispánico¹⁷; a súa data é de 1206 e nel recóllese un acordo entre Afonso VIII de Castela e Afonso IX de León para evitar disensións entre os cristiáns nesta época, situada entre as batallas de Alarcos e Navas de Tolosa. Unha análise ortográfica comparativa das dúas versións do *Tratado* constitúe, neste traballo, a base dun estudo *sociofilolóxico* (así denominado

17. Cf. Wright, 2003: 13 e 116. O autor sinala que xa Menéndez Pidal (1966) recollera este documento, aínda que non completo (*Ibid.* 14); tamén indica que «podemos estar seguros de que se escribiu en forma romance, porque la versión original de la cancillería leonesa que sobrevive en la catedral de León, lleva todavía el sello real leonés» (*Ibid.* 12).

polo autor) que ten en conta os contextos sociais e políticos inmediatamente anterior e posterior á sinatura do documento. Tendo presente o interese dunha e doutra cuestión, dedicaremos os próximos parágrafos á consideración de cada unha delas.

3.1. O cotexo dos dous manuscritos do *Tratado* vese, sen dúbida, favorecido pola súa presentación paralela (2000: 54-66), e da análise comparativa levada a efecto polo autor conclúese claramente que as variacións de representación gráfica aparecen nos dous textos e en relación cos mesmos fenómenos xerais¹⁸, polo que a confrontación das dúas versións non proporciona indicios que permitan falar de dúas *scriptae* distintas. De aí que a principal conclusión á análise gráfica sexa a seguinte: «Una de las conclusiones que se pueden sacar de la comparación detallada de los dos manuscritos es que incluso para los escribas más profesionales de los dos reinos, decidir claramente qué formas escritas deben pertenecer a la ortografía nueva no debe haber resultado nada fácil» (*Ibid.* 87).

Respecto desta conclusión cabería facer dúas observacións. En primeiro lugar, o feito de que o *Tratado* sexa o primeiro documento oficial totalmente escrito en romance é unha cuestión relacionada con factores de natureza política (aos que atendemos no próximo apartado); pero esta circunstancia non supón que nos achemos ante unha «ortografía nova», pois a escrita romance atópase xa espallada nos textos vulgarizados da terra de León (cf. supra: § 2), en documentos completos como a *Nodizia de kesos*, e nas *Glosas Silenses* e *Emilianenses*. En segundo lugar, das vacilacións gráficas conclúese, certamente, que os escribas terían dificultades para representar as formas romances¹⁹; pero a esta mesma conclusión se chegaría tras a análise de do-

18. Coinciden os dous textos nas alternancias das representacións *o / ue, e / ie* nas formas con vogal tónica procedente de ĕ e ö (Wright 2000: 79-80); na presenza e ausencia de vogal final nas formas de futuro de subxuntivo (*Ibid.* 82-83) e do H- procedente do latín (*Ibid.* 83); nas alternancias entre os sufixos *-za / -cia, e -ez / -iz* dos apelidos (*Ibid.* 83-84); na presenza e ausencia do *-r* das desinencias verbais de terceira persoa (*Ibid.* 85), etc. As excepciónais contraposicións entre os dous manuscritos son pouco significativas e, agás un caso de representación de ditongo decrecente só no texto leonés (*-eiro: Ibid.* 84), non apuntan a fenómenos xerais, senón a diferenzas de escritura dunha mesma palabra nun texto e noutro, como as correspondentes á conxunción disxuntiva *bo / o* e á forma verbal *ba / a* na versión leonesa e castelá, respectivamente (*Ibid.* 82-83), ou ás distintas representacións da sílaba inicial das formas procedentes do paradigma de *COMPLÈRE* na versión leonesa fronte á forma única que, segundo Wright, presenta o texto castelán (*loc. cit.*). Sobre este último punto volveremos máis adiante.

19. Menéndez Pidal xa se referira ás dificultades de representación dos ditongos romances é xa indicara que o problema continuou ata o século XIII: «La inhabilidad en escribir estos diptongos no es sólo propia de los escribas de letra visigoda en los siglos X y XI, sino que se manifiesta todavía en los de letra francesa del siglo XII o principios del XIII» (1926: § 2.2).

cumentos anteriores e posteriores ao *Tratado*, como as *Glosas Emilianenses*, onde as desinencias procedentes de -AVIT aparecen coas grafías *-aui*, *-abi*, *-ai*, *-e*²⁰, e o *Auto de los Reyes Magos*²¹, onde alternan as grafías *ct* e *cb* en formas procedentes do grupo latino -κτ- (*nocte*: 9 / *noches*: 27), e onde os resultados de *ǫ*, *Ĕ* / *Æ* aparecen coa vogal etimolóxica (*december*: 16, *seglo*: 43, *morto*: 109, *bono*: 37).. ou co elemento máis pechado do ditongo²² (*timpo*: 4; *uinet* 19; *quin*: 20; *bine*: 10, 50; *tine*: 20; *quiro*: 53; *puDET*: 13; *pus*: 102; *pusto*: 110).. , etc.

Do anterior pódese inferir que ~~m~~ alia o indubidable peso dos factores ortográficos e da indiscutible necesidade de os ter en conta— os criterios exclusivamente ortográficos son insuficientes na praxe da análise porque baixo un parámetro único de medición fican artificialmente uniformados fenómenos que só competen á ortografía e fenómenos representativos da lingua do momento. Na nosa opinión, o seguinte comentario de Morala (2003) sitúa na súa xusta medida as posibilidades de aproximación aos documentos das primeiras etapas romances:

Quizá lo más destacable de todo este planteamiento sea la necesidad de analizar en clave exclusivamente gráfica algunos fenómenos que, sólo pasado ese filtro, podrán estudiarse como elementos representativos de la oralidad de la época (Morala, 2003: 203-204).

A dificultade radica, precisamente, en determinar cando as alternancias gráficas se corresponden só con cuestións de ortografía e cando son representativas da oralidade. O comentario das formas procedentes do paradigma de *COMPLÈRE* nos manuscritos do *Tratado de Cabrerros* pode ser un exemplo ilustrativo ao respecto.

En relación coas devanditas formas, Wright observa que na versión castelá do *Tratado* a sílaba inicial está sempre coa abreviatura *¶*- («*¶*- es ya abreviatura normal de *cum*-, desde luego». 2000: 83) mentres que o texto leonés presenta diversas grafías: *¶pl-* *cūpl-*, *cunpl-*, *cōpl-*, *compl-*, *cumpl-*; a partir destes datos, o autor conclúe que «el escriba castellano parece haber decidido ya cómo transcribir ‘cumplir’» (*Ibid.*). A cuestión estritamente gráfica da abreviatura ten escasa importancia na nosa opinión, aínda que cómpre sinalar que a afirmación categórica de que ese signo remite a *cum*- (e non a unha das outras representacións posibles ou a calquera delas) é discutible, en primeiro lugar porque as posibilidades gráficas da consoante final de sílaba son

20. Cf. Menéndez Pidal 1926: §§ 10.2 e 71.1.

21. Manexamos a edición de Menéndez Pidal (1965: 71-76).

22. Feito que xa sinalou Menéndez Pidal: *loc cit.*

tres (*m*, *n* ou til de nasalidade); e en segundo lugar porque a vogal abreviada pode ser *u*, pero tamén pode ser *o*, sobre todo se consideramos que a abreviatura en cuestión aparece tamén en *ŷ ceio* (nos dous textos: *Ibid.* 70) e en *ŷ uenēzas* / *ŷ ueñēcias* (na versión castelá e leonesa, respectivamente: *Ibid.* 74), e que estas dúas palabras se representan sistematicamente coa grafía *o* na súa sílaba inicial durante toda a Idade Media²³.

Máis importante é, porén, o fenómeno xeral de vacilación das vogais átonas no que se adscriben as variacións na escritura de ‘cumplir’, porque este é tal vez o caso de vacilación que durante máis tempo se mantivo na historia da lingua. De feito, documéntase xa no latín arromanzado e continúa ininterrompidamente ata máis alá da etapa clásica (*vid.* Lapesa 1959: §§ 30, 40, 54, 68, 70, 79 y 91). Mais estes fenómenos de variación non afectaron a todas as palabras por igual, como demostra a diferente historia das tres formas aquí consideradas (todas elas procedentes dun o etimolóxico inicial: *COMPLĒRE*, *CONVENĪRE*, *CONCĪLIU*): mentres que as representacións de ‘concejo’ e ‘convenir’ fixéronse dende moi cedo (cf. *supra*, n. 23) as variacións gráficas de ‘cumplir’ se mantiveron (en proporcións que distan de ser anecdóticas) ata o século xvii. Cf.:

VARIANTES DE ‘CUMPLIR’ DENDE OS PRIMEIROS DOCUMENTOS ATA O SÉCULO xviii²⁴

	- 1200	h. 1200	xiii	xiv	xv	xvi	xvii	xviii
CUMPLIR	1	55	176	196	750	3852	2040	660
COMPLIR	14	170	710	750	1092	776	11	3
CUNPLIR	2	10	21	885	643	371	103	6
CONPLIR	8	120	454	126	2495	631	3	0

Fonte: CORDE (elaboración propia)

Os datos do cadro mostran que a adopción e fixación definitiva da forma *cumplir* tardou polo menos cinco séculos en se consumar, e parece claro que as causas dese atraso non son só ortográficas: na historia da palabra escrita influiría, sen dúbida, a loita entre a representación da forma etimolóxica (*complir*) e as outras variantes, pero tamén as máis que probables vacilacións na pronuncia da vogal átona. Sería necesario un estudo máis amplo e detido para coñecer a proporción de palabras que mantiveron durante tanto

23. Con anterioridade a 1600, *concejo(s)* e as súas variantes aparecen en 7630 ocasións en CORDE, mentres que as formas do paradigma de *convenir*, xunto coas demais palabras da mesma raíz léxica, preséntanse 1514 veces. Nin nunha soa vez esas palabras aparecen con *u* na súa sílaba inicial (consulta: novembro de 2005).

24. A busca está efectuada sobre as formas de infinitivo e, a partir do século xvi (inclusive), límitase a unha soa variante diatópica: «español de España» (consulta: novembro de 2005).

tempo estas variacións de representación, o nivel de uso desas palabras, o seu carácter culto ou patrimonial, etc.; pero, en calquera caso, parece claro que a esta interesante información non se podería acceder se a análise se desenvolvese en clave exclusivamente ortográfica e se limitase ás remisións ao nivel de formación dos escribas.

3.2. Só un ano despois da firma do *Tratado de Cabrerros*, o romance vólvese empregar na redacción das resolucións das Cortes de Toledo de 1207; pero, agás un curto documento oficial de compra de 1208, o romance oficial desaparece de súpeto e non reaparece ata 1223, ben entrado o reinado de Fernando III: «Si la súbita aparición de documentación romance cancilleresca en 1206-07 sorprende, su desaparición igualmente súbita, después de 1208, asombra aún más» (Wright 2000: 100). Para esta etapa de ausencia de escritos oficiais romances, e a partir dunha serie de acontecementos históricos, Wright conxectura a existencia de fortes enfrontamentos na proxección das políticas lingüísticas á sombra de tres persoeiros principais: Diego García, autor do *Planeta* e tenaz defensor do emprego do latín na escritura²⁵; Rodrigo Ximénez de Rada, que escribira as súas obras en latín pero non era totalmente inflexible respecto á escritura romance, e o bispo Tello Téllez de Palencia, fundador do *Studium Generale de Palencia* 1207-1212 e decidido partidario do romance escrito.

Situando os acontecementos no contexto contemporáneo e inmediatamente posterior á sinatura do *Tratado*, Wright sinala que o 1 de xullo de 1206, o rei Afonso VIII promulga un edicto no que concede plenos poderes sobre a chancelería a Martín López, arcebispo de Toledo, quen nomea chanceler a Diego García. Tras o pasamento de Martín López (1208), ocupa o seu posto Rodrigo Ximénez de Rada, e Diego García mantén o seu cargo na chancelería. Pero a sorte dun e doutro persoeiro foi desigual, pois Diego García retirouse ao pouco da incorporación de Ximénez de Rada á chancelería, mentres que este último continuou ocupando postos de influencia política e, dende 1209, colaborou con Tello Téllez no *Studium Generale de Palencia*, onde o Rei puxera colaboradores de Francia e Italia. Segundo Wright, estes colaboradores introducirían en Castela a idea de escribir poesías eruditas en romance e, pola súa parte, Ximénez de Rada detería durante un tempo esta práctica modernista tanto no *Studium* como na chancelería (2000: 110).

25. «Diego, como San Isidoro, considera que los tres idiomas serios son el hebreo, el griego y el latín; en lo que dice [en el *Planeta*] no se puede entrever que pensara que el romance tuviera valor como otra lengua distinta» (Wright 2000: 105).

Fosen cales fosen os atrancos, non foron máis alá de 1223, cando a chancelería de Fernando III produce o seu primeiro documento romance, moi breve e coa firma real, mais sen o selo da chancelería. O segundo documento oficial, máis extenso que o primeiro, data de 1225 (confirma un deslinde de Monteagudo e Paracuellos), está escrito enteiramente en romance agás as fórmulas inicial e final e está asinado por El Rey e confirmado por Ximénez de Rada e Tello Téllez de Palencia, entre outros asinantes. En palabras de Wright: «La victoria de la escritura romance que a estas alturas nos parece inevitable, no llegó fácilmente, ni sin lucha» (Wright 2000: 112-13).

A potencial aparición doutros documentos oficiais casteláns anteriores ao *Tratado de Cabrerros* non modificaría as liñas esenciais desta historia; mais a achega dun documento chanceleresco no mesmo ámbito espacial e temporal e escrito noutra lingua si supón un avance. Este é o caso do *Foro do burgo de Castro Caldelas* dado por Afonso IX en 1228, o documento máis antigo ata agora aducido escrito enteiramente en galego (Monteagudo 2005, e no prelo). Os pormenores sobre os feitos políticos que envolveron a elaboración deste documento constituirán, sen dúbida, unha parte da historia das políticas lingüísticas do reino de León e Castela que non caberá obviar dende agora, porque sen esta peza a historia quedaría incompleta.

4. AFONSO X E A LANGUAGE DE CASTIELLA

Sobre a base do acontecemento histórico da oficialización do castelán elaboráronse algúns argumentos estereotipados arredor da ideoloxía lingüística de Afonso X, como o de atribuír ao Rei Sabio a iniciativa da dita oficialización, ou a promulgación dun privilexio da variante de Toledo como modelo de corrección lingüística, do que se deduciría unha actitude de exaltación nacionalista do castelán ou español²⁶. Factor común a estas dúas cuestións é a ausencia de documentacións expresas ao respecto, polo que a maior ou menor verosimilitude de conclusións apoiadas en datos indirectos constitúe a única orientación posible.

Nesta dirección, a existencia de escritos oficiais saídos da chancelería de Fernando III (cf. supra § 2) é índice de que Afonso X foi, máis que iniciador,

26. Cf. Lapesa 1959: § 63.3 e 7.

27. Feito, por outra parte, xa sinalado por Niederehe (1975): «Afonso no tuvo más que avanzar por la brecha ya rota» (1975: 122).

continuador dunha tarefa de oficialización xa principiada²⁷. Pola súa parte, a primacía da lingua de Toledo deducírase, en todo caso e de xeito aproximado, a partir da análise estritamente lingüística da obra afonsí²⁸, mais non hai acordo entre os estudosos desta en canto ao grao de prioridade que dende os *scriptoria* reais se concedería a esta variante toledana; por exemplo, para Lapesa a lingua de Toledo serviu como modelo na nivelación lingüística do reino (Lapesa 1959: § 63.4); para Menéndez Pidal, en cambio, o castelán, o leonés e o aragonés conformaban no século XIII un conxunto uniforme (en oposición ao galego e o catalán) que representaba xa o español común (Menéndez Pidal 2005: 535).

Unha vez máis en ausencia de documentacións expresas, calquera formulación sobre a actitude de exaltación do castelán por parte do Rei Sabio supón conxecturar aspectos da súa ideoloxía político-lingüística e require un desprazamento de perspectiva temporal e histórica, esixencia, por outra parte, común á investigación interna e externa da historia das linguas, posto que, coas obrigadas diferenzas metodolóxicas para unha e outra, nin é posible analizar determinados feitos de historia interna dende a competencia lingüística dun falante actual (polo menos sen correr o risco de etiquetar como ‘erros gramaticais’ as manifestacións lingüísticas doutras sincronías históricas) nin é viable considerar acontecementos da historia externa dende a competencia histórica actual. Nesta liña, un punto de partida teórico axeitado á cuestión que estamos a tratar está nos parámetros que, seguindo a Le Page & Tabouret-Keller (1985), formula Monteagudo (1999: 34-35) como procedemento para medir a evolución da identificación de grupos e de linguas previamente non recoñecidos:

- i Denominación dun grupo pola súa localización xeográfica
- ii Denominación da produción lingüística dese grupo aplicada ao lugar de procedencia xeográfica
- iii Nominalización dos adxectivos con aplicación á lingua
- iv Autonomía conceptual da modalidade idiomática respecto ao grupo (fenómeno de transferencia de prestixio)
- v *Reificación* da modalidade idiomática (normalmente acompañada dunha certa doutrina: gramática, dicionarios, literatura) e consolidación dunha variedade lingüística de referencia

28. Ao Renacemento se remontan as remisións a un privilexio outorgado por Afonso X nunhas cortes celebradas en Toledo en 1254 e no que se manifestaba a primacía da lingua toledana como modelo de corrección. Estas afirmacións carecen, en xeral, de predicamento na actualidade por non existir apoio documental que as puidese avalar. Cf., entre outros autores, Gutiérrez Cuadrado / Pascual 1995: 152-53 e Lodares 1995: 36-37.

Dende unha perspectiva xeral, coa observación da escala á luz da historia da escritura dos romances centrooccidentais albíscase o paradoxo que (referido ao galego pero aplicable tamén ao castelán) formulara Filgueira Valverde (1982) e que se manifesta na anterioridade da literatura romance respecto dos escritos oficiais (cf. supra § 3)²⁹.

Cuantitativamente, a consideración específica dos textos de Afonso X baixo os parámetros i e iii da escala revela unha gran proliferación de etiquetas metalingüísticas referidas directa ou indirectamente ao castelán, que están ausentes dos textos anteriores a esta etapa (agás unha referencia ao aragonés no *Vidal Mayor*³⁰) e que, con posterioridade a ela, son puramente excepcionais³¹; cualitativamente, as fórmulas con adxectivo nominalizado (*el castellano*) son as últimas en aparecer, pois non se presentan ata 1275, o cal concorda co lugar que ocupa a nominalización de adxectivos na escala. Por último, o cumprimento da condición de *transferencia de prestixio* (punto iv) non se deduce xa dos termos referidos á linguaxe, senón da inxente produción prosística do Rei Sabio que, como é sabido, preferiu o galego-portugués para a súa obra poética.

Todas as expresións que, pertencentes aos textos afonsís, remiten directa ou indirectamente ao castelán están recollidas no seguinte cadro:

REFERENCIAS Á LINGUAXE NOS TEXTOS DE AFONSO X ³²		
DENOMINACIÓNS	Nº	%
Lenguage de Castiella	199	59,2
Nuestro language	43	12,0
El castellano	41	12,2
(este / el) romanz	29	8,6
Lenguage castellano	10	2,9
Lenguage de Espanna	7	2,0
Nuestro language de Castiella	3	0,8
Nuestro language castellano	3	0,8
Lengua de Castiella	1	0,2
TOTAL	336	98,5

Fonte: CORDE (elaboración propia)

29. Consideramos como puntos de arranque as datas convencionalmente admitidas de 1189-1192 para o galego-portugués (*Cantiga da Guarvaia*) e do último cuarto do XII para o castelán (*Auto de los Reyes Magos* e *Razón de amor*; sen entrar na problemática datación do *Poema de Mio Cid*).

30. «Lenguage de Aragon», CORDE: Anónimo, c. 1250, *Vidal Mayor*.

31. Baseándonos nos datos do CORDE, entre 1285 e 1500 as remisións ao castelán preséntanse só en 9 ocasións. As obras de maior relevancia onde esas referencias aparecen son *Crónica de veinte reyes* (1325), *Poema de Alfonso Onceno* (1348), *Libro de la caça* (1337-48) e *Gramática de la lengua castellana* (1492).

32. Non se inclúen no cómputo aqueles casos onde «lenguage» ten o significado de «facultade de falar».

Os datos cuantitativos, de seu, só informan pragmaticamente das esixencias do contexto situacional respecto ao emprego dos termos en cuestión; pero a análise dos contextos discursivos onde estas denominacións aparecen permite comprobar a posible finalidade do seu uso. Nesta dirección, o primeiro dato destacable é que as referencias do cadro teñen a característica de ser sinónimas; polo tanto, calquera conmutación entre elas non alteraría nin o significado nin o sentido da secuencia na que se integran. Isto pódese comprobar ao conmutar as remisións á linguaxe dos seguintes exemplos:

Del trezeno grado del signo de cancro es la piedra a que dizen plumbo en latin & plomo *en romanz*; & arraçaz en arauigo (CORDE: 1250, Alfonso X, *Lapidario*).

Mandogelo trasladar de arauigo *en linguaie castellano* porque los omnes lo entendiessen mejor; & se sopiessen del mas aprouechar (CORDE: 1250, Alfonso X, *Lapidario*).

Et que por la uertud destes spíritus quiera él que este libro que nos començamos por mandado del rrey don Ffernando, que ffué nuestro padre naturalmente e nuestro sennor, en cuyo nonbre, ssegunt el *linguaie de Espanna*, ha ssiete letras (CORDE: 1252-1270, Alfonso X, *Setenario*).

Auino assi aquel anno que ell estando un dia en su solaz; uno de los joglares que estauan y antel fizol una cantiga en el language de roma. & entre todas las otras cosas que puso y del, dixo una razon que quiere dezir en el *nuestro language*. O que derechurero sennor & que bueno Octauiano cesar Augusto sennor de tod el mundo. (CORDE: 1270, Alfonso X, *Estoria de Espanna*).

E Caín, assí como dize Ramiro en los Esponimientos de la Biblia, tanto quiere dezir en el *nuestro language de castiella* como heredamiento []. E nació a Adam e a Eva con Caín d'un parto una fija, e llamáronla por nombre Calmana. E assí como dizen los Esponimientos de la Biblia Calmana tanto quier dezir en el *nuestro language castellano* como compañera (CORDE: 1275, Alfonso X, *General Estoria. Primera parte*).

Onde este nonbre Hyperion conpuesto destas dos palabras Griegas: hyper & on en el griego. Tanto quier dezir *en el castellano* cuemo sobre todo. (CORDE: 1275, Alfonso X: *General Estoria, Segunda parte*).

Lóxica consecuencia do anterior, o segundo dato consiste en que a función pragmático-discursiva destas fórmulas é unha e a mesma: o valor de todas elas é puramente instrumental e a súa finalidade (salvo algunha excepción como a do terceiro exemplo) é sinalar o obxecto da translación de palabras e secuencias doutras linguas (maioritariamente do árabe, o grego e o latín) ao romance castelán. A unha cuestión de *variatio* parece obedecer o fre-

cuente emprego do posesivo *nuestro*, que pode funcionar como determinante de *language* ou de *language de Castiella / castellano*, pero tamén de *latín* (*nuestro latín* aparece 18 veces nos textos que comentamos):

E llamáronle por esta razón los ebreos a aquel logar en su ebraigo Nehel Escol, que diz tanto en el nuestro latín como torrens botrí, e en el *nuestro language de Castiella* torrient o arroyo de razimo [...]. E d'esta torrient profetó después el rey David por Nuestro Señor Jesucristo, e dixo d'ello en el psalmo, segund diz el traslado de Jerónimo en la Biblia por el *nuestro latín* en estas palabras: De torrente in via bibit propterea exaltavid capud, e diz esto en el *nuestro language de Castiella*: De la torrient bevió en la carrera, e por ende exaltó la cabeça (e éste fue Jesucristo). (CORDE: a 1275, Alfonso X, *General Estoria. Primera parte*).

Niederehe formula a seguinte consideración respecto das referencias explícitas ao castelán ou español na obra de Afonso X: «No se hace referencia a la lengua española sin referirse a la vez a lo no-español. De ahí se deduce igualmente que no hay elementos de tipo nacionalista en su forma de pensar» (Niederehe 1975: 115). Na nosa opinión, a función de todas as expresións analizadas é a mesma, polo que o comentario citado se pode estender a todas elas. Un estudo máis pormenorizado do *corpus* podería achegar outros detalles, pero non cambiaría as liñas esenciais da análise: as exaltacións nacionalistas e as conseguíntes conexións conceptuais entre *lingua e Imperio* tardarían máis de dous séculos en chegar³³, pero nin forzando a interpretación dos datos poderían inferirse dos textos do Rei Sabio.

33. Emerxerían, precisamente, cando as condicións da lingua fosen as que sinala o punto v da esca da comentada.